

## **ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE INICIO DO CURSO 2023-2024**

O luns **2/10/2023**, ás 17horas, reuniuse en segunda convocatoria no salón de actos do IES Johán Carballeira a asemblea da ANPA, coa asistencia de 32 socios/as cun quorum do 20%.

Trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

### **1.- Lectura e aprobación se procede da acta da asemblea anterior.**

Apróbase a acta da asemblea do 03/10/2023 dispoñible no espazo ANPA da web do centro.

### **2.- Informe económico das xestións da ANPA para o curso 22/23**

- Xestión de banco de libros, inversion na compra de libros para 2º, 4ª ESO , 2º Bacharelato e gastos copistería
- Saldo na conta, gastos teléfono e comisións bancarias.

### **3.- Autorízase a presentación para optar a axudase/ou subvencións para a asociación**

**4.- Implantación NOFC**, informamos que están aprobadas e serán implantadas as novas normas do centro básicas con certas novidades como, restrinxir o uso do teléfono móbil ao alumnado, sendo posible usalo nos momentos de lecer (recreo) soamente nos cursos que nos está permitido. A dirección do centro pide a colaboración das familias para transmitilo, respectalo e facelo cumprir.

**5.- Chamemento para a próxima renovación Directiva ANPA:** fundamental para darlle continuidade ao banco de libros, nesta asemblea no se ofreceu ninguén de forma voluntaria para formar parte da Directiva

**6.- Edixgal:** comezou este curso co alumnado 1º ESO. Insistimos nun uso responsable dos equipos informáticos , alternativas de contratar un seguro, firma de acordo de cesión

**7.- Xincana de solidaria de Nadal**, aprobamos aportación solidaria económica, queda pendente de decidir colectivo que recibirá a recaudación

**8.- Propostas e suxerencias por parte dos socios de actividades a realizar**, acordamos realizar charlas con parte do alumnado con veciñas, socios, familiares que aporten as súas experiencias como foi a súa opción de formación (ben nos ciclos, escolas taller, universidade, etc) repercuteu na súa vida laboral.

**9.- Xestión do banco de libros:** comisións bancarias por ocasionadas por devolucións, acordamos cargar 1€ por cada reitegro. No formulario poderanse solicitar as materias optativas aprobadas polo departamento Facilitar xustificante de pago para recoller os libros, ben en papel ou na pantalla do teléfono, resulta incómodo ter que pedilo

**10.- Outros asuntos:** línea Loureiro moita demanda, bacharelato no poderá usar ese bus. Suxerencia liberar prazas de autobús, sin uso pode perder a praza e que a aproveite outra persoa.

E sen máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo as 17.50 h.

Secretaria

Presidenta